

**RESOLUCIÓN DE ADJUDICACIÓN DO EXP. PTG 4/2012 PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA DIRECCIÓN TÉCNICA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE URBANIZACIÓN DA 1ª FASE DA AMPLIACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA**

**ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.-** Características do procedemento:

Procedemento de adjudicación: aberto

Data de publicación do anuncio: 19/03/2012

Último día de presentación de ofertas: 29/03/2012

Data de apertura pública das proposicións económicas, sobre B, e sobre C: 10/04/2012

**SEGUNDO.-** A Comisión de Selección estivo formada polas seguintes persoas:

- Presidente: Luisa Pena Nieto (Directora)

- Secretaria: Noemi Lorenzo Carbajales (Responsable do dpto. de administración)

- Vogais: Beatriz Monfort Liniers (Responsable do dpto de proxectos) e Antonio Gómez Méndez (Responsable dep. de servizos xerais)

**TERCEIRO.-** No acto de apertura do sobre A “documentación administrativa” a comisión de selección acordou requirir para a emenda de documentación xeral ás seguintes empresas licitadoras: Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.e Applus Norcontrol S.L.U.

Ambas empresas requiridas aportaron a documentación solicitada no prazo establecido, e polo tanto acordouse admitir a licitación todas as empresas presentadas.

**CUARTO.-** En acto público, de data 10 de abril de 2012, procedeuse á apertura dos sobres B, e deuse lectura ás ofertas económicas.

Os licitadores presentados e as súas ofertas económicas foron as seguintes (IVE non incluído):

ENTIDADE	IMPORTE (€)
Celso Rodríguez Estevez y Andrés Doforno Novoa	58.500
Diagrama Ingeniería Orense S.L.	57.800
E.I.C. Durán S.L.	57.800
Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.	57.800
Iceacsa Consultores S.L.U.	57.800
T.O.C. Ingeniería S.L.	57.800
Applus Norcontrol S.L.U.	46.580

**QUINTO.-** Conforme ao disposto na cláusula 17 do prego correspondente, a oferta presentada por Applus Norcontrol S.L.U. considerouse presuntamente temeraria ao situarse por debaixo do 85% do presuposto base de licitación, polo que se lle concedeu audiencia para presentar a documentación xustificativa da baixada de prezo. No prazo establecido Applus Norcontrol S.L.U. presentou un informe explicativo en base o cal a comisión de selección procedeu a redactar o correspondente informe que forma parte do expediente deste procedemento de adxudicación. Neste informe conclúese que a oferta pode ser cumprida e polo tanto acéptase a súa inclusión na clasificación.

**SEXTO.-** Os criterios de adxudicación (ver detalles no prego de condicións) tidos en conta para valorar as ofertas foron os seguintes:

1. Valoración Técnica: de 0 a 6 puntos: valorarase a proposta , de acordo cos criterios seguintes:
  - Medios técnicos relacionados coa dirección da obra e a súa xustificación e adecuación dentro do programa de desenvolvemento dos traballos. (máximo 1 punto)
  - Medios humanos e de control da calidade do servizo , persoal técnico e apoio técnico adicional cos que contará. Valorarase a formación, cualificación, número e adicación do equipo. (máximo 2 puntos).
  - Coñecemento do proxecto (máximo 1,5 puntos).
  - Programa de control de execución da obra (máximo 1,5 puntos).
  
2. VALORACIÓN ECONÓMICA (de 0 a 4 puntos): Valoraranse con cero (0) puntos aquelas ofertas que propoñan como prezo de adxudicación o tipo de licitación establecido neste prego e con catro (4) puntos a oferta que propoña o mellor prezo. Partindo deste criterio de valoración, a puntuación outorgable ás restantes ofertas cuxo prezo se encontrase comprendido dentro deste tramo realizarase mediante un cálculo proporcional. Quedarán excluídas aquelas ofertas que superen o orzamento máximo de licitación.

Estudadas todas as ofertas, o comité de selección elaborou o correspondente informe de valoración, sendo a puntuación obtida por cada licitador a seguinte:

	Técnica	Económica	Total
Iceacsa Consultores S.L.U.	6,00	3,22	9,22
E .I.C. Durán S.L.	5,15	3,22	8,37
Applus Norcontrol S.L.U.	4,30	4,00	8,30
Diagrama Ingeniería Orense S.L.	4,50	3,22	7,72
Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.	3,80	3,22	7,02
T.O.C. Ingeniería S.L.	3,50	3,22	6,72
Celso Rodríguez Estevez y Andrés Doforno Novoa	2,25	3,18	5,43

**SÉTIMO.-** En aplicación dos criterios de valoración fixados no prego, Iceacsa Consultores S.L.U. conseguiu a maior puntuación, cun total de 9,22 puntos, polo que a comisión de selección elevou ao órgano de contratación a proposta de adjudicación a favor de Iceacsa Consultores S.L.U.

**OITAVO.-** En data 23 de abril de 2012 comunicóuselle á empresa Iceacsa Consultores S.L.U. a proposta de adjudicación ao seu favor e déuselle o prazo de 10 días para aportar a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como aquela acreditativa de todos os extremos esixidos no prego e respecto dos que o licitador presentara unha declaración responsable, ademais de presentar a garantía correspondente, por un importe equivalente ao 4% do prezo de adjudicación (IVE excluído). Dentro do prazo estipulado a empresa procedeu a entregar a documentación requirida.

En base a todo o anterior, o Órgano de Contratación,

**RESOLVE:**

- 1) Adxudicar á empresa ICEACSA CONSULTORES S.L.U. o contrato “Dirección técnica e coordinación de seguridade e saúde da obra de urbanización da primeira fase de ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia” conforme á súa oferta por un importe de 57.800 € (IVE non incluído), con suxeción ás condicións do Prego de Cláusulas Particulares que rexe a presente contratación.
- 2) Publicar esta adxudicación no Perfil do Contratante da web [www.tecnopole.es](http://www.tecnopole.es) e notificar esta adxudicación á empresa adxudicataria e aos licitadores.
- 3) Formalizar o correspondente contrato dentro dos prazos establecidos, logo da notificación desta resolución aos licitadores.

En San Cibrao das Viñas, 4 de maio de 2012.